

Faro *da* Cultura

A recuperación da memoria da Guerra Civil española aínda ten campo por percorrer. En España e no estranxeiro. Cando xa apenas quedan testemuñas directas, os seus fillos e netos procuramos –dun xeito ou doutro– saber en que nos marcou, nin que fose de maneira indirecta. E se os novos historiadores encetan o camiño sen complexos, os máis conformámonos cun dato biográfico en cada ítem de cadansúa árbore xenealóxica que supere o maniqueísmo de saber que un tío o un avó foron aquilo ou fixeron aqueloutro.

A escritora francesa Lydie Salvayre fixo ese exercicio. Nacida Arjona (Autainville, 1948), é filla de republicanos españois: o seu pai é andaluz e a súa nai, catalá. En 1939 fuxiron de España e despois dun tempo como refuxiados, establecéronse na rexión de Tolosa de Linguadoc. Lydie estudou Letras e Medicina e pasou a exercer de psiquiatra en Marsella. Pero a creación literaria chamou á súa porta e ben axiña (nos primeiros oitenta) comezou a escribir.

Pero cando a aparición do alzheimer comezou a degradar a memoria da súa nai, Lydie Salvayre non quixo que as súas lembranzas de cando era moza, nos días da Guerra Civil, se perdesen. E de maneira literaria –que non documental– comezou a plasmar as conversas que tivo con ela e que a retrotraían aos anos de mocidade nunha vila da provincia de Lleida. E desas conversas naceu *Pas pleurer* ("Non chorar"), a novela gañadora do premio Goncourt en 2014.

Un tempo frenético para unha rapaza labrega de quince anos que baixa a Barcelona nuns días excepcionais, cando a revolución domina as rúas e nos cafés reina a fraternidade despois de que os obreiros freasen a rebelión militar. Unhas xornadas nas cales coñece o primeiro amor cun francés que se alistou no que serían as Brigadas Internacionais, a consecuencia do cal quedará embarazada, circunstancia que a fai regresar á súa aldea e aceptar o matrimonio co fillo dos señores, daquela dirixente

Soldados republicanos na fronte de Aragón (1937).



Coa fragilidade da memoria

A Guerra Civil vista por Lydie Salvayre

JOAQUIM VENTURA

comunista.

Coa derrota da República, o exilio. Pero esta historia, que resulta importante na dimensión persoal, non ten unha proxección colectiva. E menos para os lectores franceses. A épica daquela contenda –pasados os anos, tamén resulta épica, por desgrazada, para os familiares dos vencedores– non tería máis percorrido que a crónica histórica. Os lectores da novela de Lydie Salvayre precisan máis.

E o contrapunto son as vivencias do escritor católico francés Georges Bernanos, que en 1936 residía en Mallorca. A súa casa albergou a oficina de prensa da FE y de las JONS local e o seu fillo afiliouse a este partido. Pero o ingreso nel de oportunistas e arribistas –co concurso do estrafalario fascista italiano Conde Rossi e a protección da xerarquía

*O contrapunto
vén conformado
polas vivencias
de Georges
Bernanos*

católica– desataron unha represión brutal. E foi daquela cando Bernanos abominou da verdadeira condición das dereitas españolas. A súa denuncia dos asasinatos cometidos en nome da fe cató-

lica colleu forma en *Les grandes cimetières sous la lune* ("Os grandes cemiterios só a lúa"). Un contrapunto que renxe: quen sabía de Georges Bernanos en 1937 nunha aldea de Lleida?

Pero o que pode funcionar para o común dos lectores do orixinal francés, pode fracasar cos lectores da tradución castelá ou catalá (as feitas ata agora entre nós). É daquela cando xa non vale a xustificación da fragilidade da memoria da protagonista, xa que o/a escritor/a ten a obriga de verificar a certeza de todo. E non tanto a certeza histórica (a distinción entre comunistas e anarquistas; a equiparación da brutalidade das milicias, fosen falanxistas ou cenetistas), como a precisión. Unha precisión que resulta negada cando se mencionan televisións, mesas de fórmica, panzers ou jeeps. Porque a memoria (sempre parcial) é fráxil e por iso, pode resultar moi traidora.



Georges Bernanos (1888-1948).



A escritora francesa Lydie Salvayre.

ARTE: IGNACIO BASALLO
NA GALERÍA LILLIPUT / PÁX. III

ENTREVISTA CO ESCRITOR E XORNALISTA
ALBERTE SANTOS LEDO / PÁX. V

ARQUEOLOXÍA: OURO DA
GALLAECIA EN LONDRES / PÁX. VIII